



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30

Telefax 981 75 42 29

www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CONSTITUIDA DENTRO DA LICITACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS .APERTURA SOBRE B: DOCUMENTACIÓN RELATIVA

A CRITERIOS NON EVALUABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

PRESIDENTE:

D. José Muíño Domínguez, Alcalde do Concello.

VOGAIS:

D^a Gema Vázquez López, Interventora do Concello

D^a Paula María Suárez Cotelo Secretaria Xeral do Concello

D^a Yolanda Imia Antelo, tesoureira municipal accidental.

SECRETARIA:

D^a M^a Cristina Candal Rey, funcionaria do Concello.

No salón de Plenos do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 9.20 horas do día 26 de xullo de 2012, reúnese a Mesa de Contratación baixo a Presidencia do señor Alcalde do Concello, don José Muíño Domínguez, e coa asistencia dos membros relacionados á marxe.

Compróbase pola sra Secretaria a existencia de quórum necesario para a celebración do acto, a tenor

do disposto no artigo 21.7 do R.D. 817/09.

Determinadas as empresas admitidas e excluídas da licitación, procédese ó inicio do acto público de apertura do sobre B presentado pola única empresa que concorre na licitación, Espina&Delfin, o cal arroxa o seguinte resultado: presenta un tomo no que fai constar os seguintes apartados:

- 1.- Memoria de organización do servizo.
- 2.- Proxecto de explotación.
- 3.- Regulamento do servizo.
- 4.- Cuadro de precios de execución material para a redacción de orzamentos de conexións e prolongación de redes de abastecemento de auga e saneamento.

Faise entrega da documentación presentada ao técnico designado para asistir á Mesa de Contratación para a valoración da documentación contida no sobre B, don Juan Luis Montenegro Pérez.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 9.35 horas, extendéndose a presente acta que, tras a súa lectura, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, do que eu, Secretaria, dou fe e certifico.

Cristina Candal Rey



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CONSTITUIDA DENTRO DA LICITACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS .APERTURA SOBRE A. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

PRESIDENTE:

D. José Muíño Domínguez, Alcalde do Concello.

VOGAIS:

D^a Yolanda Imia Antelo, Interventora accidental do Concello

D^a Paula María Suárez Cotelo
Secretaría Xeral do Concello

D. Enrique Vilar Gantes, Arquitecto municipal

D^a María Elisa Fernández González,
tesoureira municipal.

SECRETARIA:

D^a M^a Cristina Candal Rey, funcionaria do Concello.

No salón de Plenos do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 9.05 horas do día 17 de xullo de 2012 e baixo a Presidencia do señor Alcalde do concello, don José Muíño Domínguez, constitúese a Mesa de Contratación prevista na cláusula duodécima dos pregos que rixen a contratación, composta polos membros que se relacionan á marxe (composición que cumpre co previsto no artigo 21 do RD 817/09) coa finalidade de calificar a documentación administrativa xeral (sobre A) á que se refire o artigo 146 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto

refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) coas formalidades do artigo 22 a) do RD 817/09, presentada polas empresas licitadoras en tempo e forma.

Comprobado pola sra Secretaria a existencia de quórum necesario para a celebración do acto, a tenor do disposto no artigo 21.7 do R.D. 817/09, e unha vez constituída a mesa, procédese por parte do Presidente da mesma a dar lectura do obxecto do contrato: contrato de concesión da xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños

O anuncio de contratación publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 110 do 12 de xuño de 2012 así como no perfil do contratante da páxina web do Concello de Cabana de Bergantiños (www.concello-cabana.es), rematando o prazo para a presentación de ofertas o día 12 xullo de 2012. De conformidade co certificado emitido pola Secretaria da Corporación municipal, presentouse en tempo e forma unha única empresa: Espina & Delfin, S.L.

Pola Mesa procédese á apertura do sobre que contén a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos conforme ó previsto no artigo 146 do TRLCSP (sobre A).

Vista a documentación esixida nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación do contrato concesión da xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños e vista a documentación presentada no sobre A pola empresa Espina & Delfin, S.L., a Mesa de Contratación observa na mesma a existencia de deficiencias subsanables consistentes en:

1.- **En relación coa solvencia técnica**, e de conformidade co establecido na cláusula sétima dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación (e ós efectos de poder acreditar a vixencia e continuidade da conformidade na execución do servizo) os certificados de boa execución expedidos pola administración contratante en cada caso acreditativos dos principais servizos e traballos realizados pola empresa licitadora nos tres últimos anos, deberán estar actualizados (dos presentados, o máis recente é do ano 2002), polo que a Mesa considera que, para a correcta acreditación da solvencia técnica, o licitador deberá aportar certificados actualizados, esixíndose que o licitador presente alomenos tres certificados.

En todo caso non poderán presentarse certificados referidos a traballos distintos dos xa presentados.

De conformidade co establecido na cláusula undécima dos pregos que rixen a contratación, a documentación presentárase en documentos orixinais ou copias compulsadas por Notario ou funcionario habilitado para elo, sen que se admitan documentos escaneados.

2.- **En relación coa solvencia económica**, e de conformidade co establecido na cláusula sexta dos dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación, dado que se esixen polo menos dous medios de acreditación da solvencia e só consta debidamente presentada a declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministros, servizos ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres último anos, deberá aportarse polo menos un dos seguintes documentos aportados no sobre A con deficiencias:

- informe de entidades financeiras no **que conste expresamente** que o licitador ten capacidade para **executar o contrato de xestión** integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de **Cabana de Bergantiños**.

- **seguro** de indemnización por riscos profesionais **en documento orixinal ou en copia compulsada por Notario ou funcionario habilitado** para elo (apórtase en documento escaneado, os cales, de conformidade co establecido na cláusula undécima dos pregos, non se admitirán en ningún caso).

Logo de completar a análise da documentación administrativa e ante as deficiencias que presenta na documentación o licitador, e entendendo a Mesa de Contratación que se trata de deficiencias subsanables, ésta acorda que se lle conceda aos licitadores un prazo máximo de 3 días hábiles, a contar dende a recepción do requerimento, que se remitirá por FAX ao licitador, para que se proceda a subsanar as deficiencias observadas, facéndolle saber que tal subsanación unicamente poderá ser presentada no rexistro xeral do Concello de Cabana de Bergantiños, no citado prazo, e que, de non subsanarse correctamente, será excluído da participación da licitación.

E non sendo outro o obxecto da presente levántase a sesión da Mesa, cando son as 9.55 horas do 17 de xullo de 2012, extendéndose a presente acta que asinan todos os membros da Mesa de Contratación, do que, como Secretaria da mesma, dou fe e certifico.

92- Cristina Candal Per.